

MANUAL DE APOIO Á ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS

O presente Manual establece normas e recomendacións para os organizadores de **probas oficiais** amparadas por esta Federación, e pretende ser un instrumento de axuda, co obxectivo de establecer as condicións para que as competicións se desenvolvan de xeito deportivo, seguro e se certifique o seu resultado.

1. [PERMISOS E AUTORIZACIÓNS](#)
2. [MODALIDADES E DISTANCIAS](#)
3. [CATEGORÍAS E CLASIFICACIÓNS](#)
4. [TROFEOS E PREMIOS](#)
5. [SEGUROS](#)
6. [PARTICIPANTES CON SEGURO DE UN DÍA](#)
7. [DESEÑO E SINALIZACIÓN DOS CIRCUÍTOS](#)
8. [SERVIZOS MÉDICOS](#)
9. [INFRAESTRUTURAS E MEDIOS MATERIAIS](#)
10. [MEDIOS HUMANOS](#)
11. [PUBLICIDADE E PROMOCIÓN](#)
12. [INSCRICIÓNS](#)
13. [ENTREGA DE DORSAIS](#)
14. [AVITUALLAMENTOS](#)
15. [OFICIAIS E RECLAMACIÓNS](#)
16. [ENTREGA DE PREMIOS](#)
17. [CAMPIONATOS GALEGOS](#)

1.- PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

1.1 LICENZA DE ORGANIZADOR.

Para organizar una competición a persoa física ou xurídica deberá estar en posesión de **licenza de organizador** tanto no momento da solicitude coma no de organización. A licenza outorgará polo tanto os seguintes dereitos:

- solicitar á Federación engadir unha competición ao calendario oficial co aval e autorización federativa.
- Contar co apoio técnico e deportivo da Federación.
- Ser elector e elixible como representante nos procesos electorais ao estamento na Asemblea Xeral da Federación.

1.2. PROXECTO DE ORGANIZACIÓN.

O organizador deberá presentar un **proxecto de organización** á Federación nos prazos establecidos pola mesma para a confección de calendarios e cando menos 3 meses antes da celebración da proba, que deberá conter como mínimo:

- Denominación da proba
- Organizador de la proba
- Dirección Executiva e Dirección de Carreira (*endereço electrónico e teléfono*)
- Data
- Lugar onde se desenvolverá
- Distancias
- Horarios
- Carreiras/Saídas
- Plano detallado dos circuitos e todas as áreas.
- Servizos ao deportista (avituallamentos, duchas, vestiarios, megafonía e locución, infraestruturas en xeral)
- Vehículos para control dos sectores
- Voluntariado
- Servizos médicos e plan de seguridade e evacuación
- **Seguros: Certificado da empresa aseguradora** de que cubrirá a Responsabilidade Civil durante a celebración da proba no caso de que non se utilice a cobertura da Responsabilidade Civil da póliza contratada pola Federación aboando a cota que se estableza na táboa de tarifas federativas aprobadas en Asemblea Xeral anual.

1.3. AUTORIZACIÓN DE ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN OFICIAL.

A Federación revisada a documentación e circuitos e recibido o visto bo do/a Delegado Técnico designado/a, outorgará ao organizador a **autorización de organización de proba deportiva**.

1.4. AUTORIZACIÓN DE CELEBRACIÓN DE COMPETICIÓN.

O organizador solicitará ante o organismo competente os **permisos e autorizacións administrativas para a celebración da competición** nos espazos, augas, estradas ou vías por onde a mesma discorra.

- Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia da provincia na que se vaia celebrar a proba, como norma xeral, a competente para esta autorización si a proba ocupa vías públicas interurbanas de competencia provincial, autonómica ou nacional.
http://cpapx.xunta.gal/ver-colectivo/autorizacions-de-actividades-recreativas-e-probas-deportivas-en-vias-publicas?d_m=228

- O Concello será competente cando a proba se dispute só en estradas e rúas de competencia municipal.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/AnuncioC3B0-271217-0001_es.pdf

A nova Lei de espectáculos Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia cede a presentación dos permisos para probas ubicadas nun único concello ao concello de referencia

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/AnuncioC3B0-271217-0001_es.htm

- Outros permisos necesarios en función do lugar onde se dispute a proba e das súas características. Exemplos:
 - Permisos correspondentes de Costas, Capitanía Marítima, Portos, Medio ambiente, Confederación Hidrográfica 3 segundo a modalidade da competición e onde se desenvolva

A concesión da **autorización** deberá ser enviada á FEGATRI e estar dispoñible o día da proba.

2 .MODALIDADES E DISTANCIAS

As competicións que non se adapten ás distancias regulamentarias, entenderanse encadradas na categoría superior, cando o segmento de natación e/ou o de carreira a pé superen o 10% da lonxitude regulamentaria, e/ou o segmento de ciclismo supere a lonxitude do 20%

	Natación	Ciclismo	Carreira
Triatlón	1,5 Km	40 Km	10 Km
Triatlón Flash	150 m	4 km	1 Km
Triatlón Súper Sprint	250 a 500 m	6,5 a 13 Km	1,7 a 3,5 km
Triatlón Sprint	750 m	20 Km	5 Km
Triatlón Media Distancia	1,9 a 3 Km	80 a 90 Km	20 a 21 Km
Triatlón Longa Distancia	1 a 4 Km	100 a 200 Km	10 a 42,2 Km
Relevo	250 a 300 m	5 a 8 Km	1,5 a 2 Km

	Carreira	Ciclismo	Carreira
Dúatlón	5 a 10 Km	40 Km	5 Km
Dúatlón Súper Sprint	2 Km	5 a 8 Km	1 Km
Dúatlón Sprint	5 Km	20 Km	2,5 Km
Dúatlón Media Distancia	10 a 20 Km	60 a 90 Km	10 Km
Longa Distancia	10 a 20 Km.	120 a 150 Km.	5 a 20 Km.
Relevo	1,5 a 2 Km	5 a 8 Km	750m a 1 Km

	Natación	Ciclismo BTT	Carreira
Triatlón Cros	1 Km	20 a 30 Km	6 a 10 Km
Triatlón Cros Sprint	500 m	10 a 12 Km	3 a 4 Km
Triatlón Cros Longa Distancia	1,5 Km	30 a 40 Km	10 a 15 Km
Relevo	200 a 250 m	4 a 5 Km	1,2 a 1,6 Km

	Carreira	Ciclismo BTT	Carreira
Dúatlón Cros	6 a 8 Km	20 a 25 Km	3 a 4 Km
Dúatlón Cros Sprint	3 a 4 Km	10 a 12 Km	1,5 a 2 Km
Dúatlón Cros Longa Distancia	12 a 16 Km	25 a 40 Km	6 a 8 Km
Relevo	1,2 a 1,6 Km	4 a 5 Km	0,6 a 0,8 Km

Formato carreira/Natación/Carreira	Carreira	Natación	Carreira
Acuatlón	2,5 Km	1 Km	2,5 Km
Acuatlón Largo	5 Km	2 Km	5 Km
Formato Natación/Carreira	Carreira	Natación	
Acuatlón	5 Km.	1 Km	

	Natación	ciclismo
Acuabike	1 a 4 Km	100 a 200 Km

	Carreira	Ciclismo	Esquí de Fondo
Triatlón de Inverno	7 a 9 Km	12 a 14 Km	10 a 12 Km
Triatlón de Inverno Sprint	3 a 4 Km	5 a 6 Km	5 a 6 Km
Relevo	2 a 3 Km	4 a 5 Km	3 a 4 Km

	Natación	Ciclismo	Piragüismo	Carreira
Cuadriatlón	1000 a 1500 m	20 a 40 km	4 a 8 km	6 a 10 km
Cuadriatlón Longa Distancia	1 a 4 km	100 a 200 km	8 a 20 km	10 a 42,2 km
Cuadriatlón Sprint	500 m	12 a 20 km	2 a 4 km	3 a 5 km
Cuadriatlón Súper Sprint	250 a 300 m	6 a 8 km	1 a 2 km	1 a 2 km

3 CATEGORÍAS e CLASIFICACIÓN

3.1.- CATEGORÍAS

As categorías estarás establecidas para homes e mulleres (masculina/Feminina) do seguinte xeito

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	IDADE A 31 /12	CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	IDADE A 31 /12
ABSOLUTA*		*	PREBENXAMÍN		7-8
JUNIOR		18-19	BENXAMÍN		9-10
SUB23		20-23	ALEVÍN		11-12
VETERANOS I		40-49	INFANTIL		13-14
VETERANOS II		50-59	CADETE		15-17
VETERANOS III		+60			

A categoría **ABSOLUTA*** engloba a todos os participantes independentemente da categoría á que correspondan.

Como **mínimo** en todas as probas haberá unha **clasificación para categoría ABSOLUTA** (xeral), e o resto das obrigatorias ou opcionais segundo o regulamento FEGATRI.

Todas as clasificacións se realizarán para a **proba masculina e feminina**, que estarán separadas na saída e se considerarán **competicións diferentes** a todos os efectos.

A Categoría cadete non poderá competir en distancias superiores á "sprint", e a categoría júnior non poderá competir en distancias superiores á "estándar" ou "olímpica".

3.2.- CLASIFICACIÓN

O organizador, de cara á mecanización e emisión de clasificacións, deberá designar un **RESPONSABLE DE CLASIFICACIÓN**. Traballará co/a Xuíz Árbitro e o/a Delegado/a Técnico/a.

Os oficiais recollerán en todo caso a clasificación da meta cos dorsais e tempos de cada deportista, se houbese cronometraxe electrónica. No caso de cronometraxe manual tomarán así mesmo dorsais e tempos dos deportistas no 1º e 2º parcial; aos efectos de que a persoa responsable de clasificacións os mecanice.

As **clasificacións/resultados** elaboraranse seguindo os estándares ORIS recollidos no Regulamento oficial de Competición da Federación Española.

Os resultados contemplarán como mínimo ademais dos datos do encabezamento, posto, dorsal, nome e apelidos do deportista, club, categoría federativa, tempo final e parciais. Serán enviadas á Federación no tempo máis breve posible, dentro do establecido no regulamento FEGATRI.

Unha copia impresa das clasificacións, validada polo XA, deberá ser publicada ao finalizar a proba, como mínimo cos tempos finais. A clasificación cos tempos parciais enviarase á Federación no tempo máis breve posible e en todo caso a máis tardar en 24 horas.

Así mesmo o organizador deberá enviar un excell con estes datos, onde tamén deberá figurar o DNI dos participantes para o seu posterior tratamento federativo.

4. TROFEOS e PREMIOS

Os **trofeos da proba** son competencia do organizador que os establece libremente, no regulamento da proba, seguindo as normativas e regulamentos FEGATRI para circuitos e/ou probas específicas tanto individuais como de equipos.

En todas as probas oficiais deberán existir ao menos os seguintes trofeos, tanto para a clasificación masculina como feminina:

- Tres primeiros da clasificación absoluta (xeral) masculina e feminina.

Os **premios en metálico** só son obrigatorios nas probas especificadas no regulamento de competición FEGATRI.

Para o resto de probas o organizador establece libremente, no regulamento da proba, os premios en metálico que considere. No caso de existir **deben ser sempre iguais para a competición masculina e feminina.** (**CONSULTAR ANEXO DE PREMIOS**)

5. SEGUROS

5.1 SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

O Organizador deberá estar cuberto por un seguro de responsabilidade civil que cubra as contingencias durante a proba, cos importes mínimos legais esixidos.

- ***“Reglamento General de Circulación: R.D. 1428/2003 (BOE 23 diciembre 2003) que desarrolla la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial (1990). Anexo II. Probas deportivas, marchas cicloturistas y otros eventos. Artículo 14.***

“Todos los participantes de la prueba deben estar cubiertos por un seguro de responsabilidad civil que cubra los posibles daños a terceros hasta los mismos límites que para daños personales y materiales establece el Real Decreto 7/2001 de 12 de enero, para el seguro de responsabilidad civil de vehículos a motor de suscripción obligatoria”

- ***“Real Decreto 62/2008, de 25 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de las condiciones de seguridad marítima, de la navegación y de la vida humana en la mar aplicables a las concentraciones náuticas de carácter conmemorativo y pruebas náutico-deportivas” Párrafo tercero del Artículo 6º***

A Federación subscribe unha póliza anual que cubre a responsabilidade civil por estes importes na que poderá engadir as probas dos organizadores que así o desexen, aboando as primas correspondentes. O organizador deberá solicitalo á Federación con antelación suficiente para engadir a competición á póliza e que a empresa aseguradora poida emitir a correspondente certificación de cara á solicitude de permisos. **O custe da ampliación da cobertura que soportará o organizador será o establecido nas tarifas federativas anuais.**

Poderá subscribirse un seguro propio por parte do organizador que cubra esta responsabilidade Civil. Neste caso **unha certificación da súa contratación** pola compañía aseguradora correspondente, **indicando as coberturas e o abono da súa prima** correspondente **deberá ser enviada** previamente, con antelación suficiente, **á Federación** para a súa revisión e autorización da proba. Así mesmo estará a disposición do/a Delegado/a Técnico/a o día da proba.

5.2. SEGURO DE ACCIDENTES (SDO)

“Reglamento General de Circulación: R.D. 1428/2003 (BOE 23 diciembre 2003) que desarrolla la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial (1990).

Anexo II. Probas deportivas, marchas cicloturistas y otros eventos.

Artículo 14.

“... y un seguro de accidentes que tenga, como mínimo, las coberturas de seguro obligatorio deportivo regulado en el Real Decreto 849/1993 de 4 de junio, sin cuya preceptiva contratación no se podrá celebrar prueba alguna”.

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/AnuncioC3B0-271217-0001_es.htm

Este é o seguro que se subscribe a cada deportista coa súa licenza federativa.

Ademais é recomendable que o organizador subscriba outra póliza de accidentes para os colaboradores e voluntarios que formen parte da organización.

6. PARTICIPANTES CON SEGURO “LICENZA” DE UN DÍA

A Federación, de cara a promover a participación de deportistas non federados en determinadas probas oficiais, especificadas nos seus regulamentos, tramitará un seguro de un día a quen non posúa licenza federativa de tempada. Estes deportistas non estarán federados a outros efectos, e só terán cobertura durante a súa participación na proba para a cal se lles xestionase este seguro de un día. **Non optan aos títulos de Campionatos oficiais** outorgados nas probas ou circuitos. A súa participación será a título individual, e na clasificación figurarán como independentes/licenza de un día, en ningún caso poderán puntuar para un club na clasificación por equipos nin se certificará o resultado como independente de un día a ningún efecto para un club polo que poidan posteriormente tramitar licenza.

A licenza de un día tramitarase directamente pola Federación, para o que serán imprescindibles os datos persoais dos participantes non federados:

- DNI
- nome e apelidos
- dirección completa
- data de nacemento
- Teléfono e Email

A Federación facturará por cada licenza de un día tramitada para participar nunha proba, **un importe de 12,00€ (6€ categorías menores), podendo ser asumidos os custos por parte do organizador.** Recoméndase ao organizador repercutir o prezo desta licenza, incrementándoo na inscrición dos deportistas non federados.

Así mesmo, **recoméndase aos organizadores que indiquen todo o que leva consigo a participación con seguro de un día de xeito explícito en calquera publicidade da proba.**

7. DISEÑO E SINALIZACIÓN DOS CIRCUITOS

O organizador é responsable do deseño, montaxe, sinalización e vixilancia dos circuitos durante a competición, baixo a supervisión e instrucións do/a Delegado/a Técnico/a e coa colaboración dos Oficiais.

Elaborarase como mínimo un organigrama no que se indique o Director/a de Carreira e un responsable de cada un dos sectores co seu teléfono.

Natación:

- Sinalización do circuíto- con boias suficientemente grandes para que sexan visibles claramente dende a beira, nos vértices de xiro. Poden colocarse boias máis pequenas para orientar ao longo dos percorridos ou para protexer os xiros.
- Embarcacións .- zodiac ou embarcación con motor semellante para oficial/ais, embarcación de salvamento con socorrista para control da seguridade. Piraguas para control dos xiros e apoio na saída.
- Saída.- Zona valada/delimitada para a saída e canalización ata a AT, con moqueta se fose necesario. Bandeirolas, arco ou estrutura semellante na beira, visible dende a auga para orientar na saída da auga.
- Servizo médico preparado na zona
- Plan Mariño básico

Área de Transición:

A zona deberá estar totalmente valada no seu exterior, os pasillos interiores delimitados con cinta ou valado e estará vixiada durante todo o desenvolvemento do evento. O acceso dende as liñas de montaxe/desmontaxe deben estar protexido e delimitado.

O acceso a esta zona durante a competición e o sistema de acreditar será planificado co DT, só accederán a esta zona persoas acreditadas, organización, deportistas, oficiais e técnicos. A vixilancia desta zona, con material deportivo de valor, é responsabilidade do organizador.

- A zona terá unha entrada e unha saída para os deportistas e estará deseñada de xeito que os deportistas non poidan obter vantaxe entre eles. Habilitando os pasillos de compensación necesarios para que todos fagan o mesmo traxecto.
- Infraestruturas.-
Soportes numerados para as bicicletas.- Cada deportista terá un espazo mínimo de 50 cm. identificado polo seu dorsal. Entre as filas de soportes haberá unha separación ao menos de 5mts. E pasillos de 2,5 m. entre os valados e o soporte das bicicletas. Os pasillos de compensación de habelos terán como mínimo 1,5m.

Ciclismo:

- organizador deberá atender ás indicacións dos permisos outorgados pola Administración e adecuarse ao plan de seguridade e voluntariado presentado para a súa concesión.
- Sinalización, protección e valado.- Sinalizar todos os perigos potenciais, valando e poñendo conos onde sexa preciso, cruces, xiros,
- Delimitar carrís de ida e volta con conos
- Distribución de voluntarios nos cruces, incorporacións, zonas de estacionamento, aparcadoiros, pasos de peóns, zonas perigosas
- Avituallamentos, de ser necesarios (MD/LD), planificados en lugares con visibilidade e menor perigo.
- Vehículos de control- Apertura e peche de carreira e as necesarios para o control da proba polos oficiais. O número e tipo (motos/quads) será establecido polo DT adecuándoo ao tipo de proba.
- O acceso entre as liñas de Montaxe e Desmontaxe e a Área de Transición deberá estar valado e delimitado para o acceso unicamente dos deportistas.
- Informar aos usuarios da zona con antelación dos horarios de corte de estradas e/ou vías de cara a que non se introduzan vehículos imprevistos no circuíto.
- colocación de vallas de corte de tráfico nos lugares requiridos polas forzas de seguridade.

Carreira a pé:

- Circuíto balizado. Sinalizando cruces e/ou xiros. Valados de protección en zonas perigosas.
- Separación de carrís de ida e volta delimitados con conos
- Voluntarios para protexer cruces, incorporacións, zonas de estacionamento, pasos de peóns e público
- Avituallamento ao saír da AT e cada 5Km. mínimo, en lugares de menor perigo.
- Vehículos.- Bicicleta de apertura e peche de carreira e a disposición de oficiais.

Zona de meta:

- Espazo amplo
- Recta de meta cun mínimo de 50 m. totalmente valados antes da liña de meta.
- Deseñar pasos de público antes da recta de meta
- Arco, pancarta ou semellante para marcar e identificar claramente a liña de meta que deberá estar marcada de xeito claro no chan con pintura, cinta, moqueta ou semellante.
- A zona de fotografías e medios debe estar cando menos separada 15 m. da liña de meta.
- POST- META Deseñarase unha zona despois da meta para a recuperación de deportistas, esta zona estará totalmente pechada, con acceso unicamente para deportistas, oficiais e voluntarios onde se proverán avituallamentos líquidos e sólidos e calquera servizo que o organizador considere. Deberá ter unha zona de evacuación de deportistas controlada por voluntarios.

8. SERVICIOS MÉDICOS

O organizador disporá a presenza mínima dunha **ambulancia e médico** na proba **por cada 750 participantes**, obrigada polo Regulamento de Circulación.

Recoméndase dúas ambulancias para que de ser necesario evacuación de atletas, non se teña que parar a proba por falta da cobertura obrigatoria. A creación dun hospital de campaña na zona de post- meta é aconsellable a estes efectos.

En Media e Longa Distancia debido á lonxitude física e temporal dos circuítos esixíranse mínimo dúas ambulancias que se distribuirán por sectores con rutas establecidas no plan de seguridade

Plan de Seguridade e Médico .- A creación dun plan de seguridade por zonas sinalizando a localización de ambulancias e servizos médicos, así como os movementos e rutas de evacuación en cada sector é necesaria . Indicará así mesmo, os hospitais concertados coa empresa aseguradora e os protocolos de actuación para o caso de ter que evacuar algún accidentado. Este plan e protocolos debe ser coñecido polos servizos médicos da proba e supervisado polo DT da mesma.

Os hospitais de referencia deberán ser avisados con antelación da celebración da proba para que poidan estar en alerta en caso necesario

9. INFRAESTRUTURAS E MEDIOS MATERIAS

Medios materiais:

O organizador é responsable da provisión de medios e infraestruturas para o correcto desenvolvemento do evento

- Valos metálicos, sinalizacións e cinta de balizar suficiente para todas as zonas e percorridos
- Megafonía.- con potencia suficiente para dar cobertura nas zonas en que se desenvolva o evento.
- Arco, pancarta ou semellante para delimitar saída e meta.
- Espazo pechado con mesa, cadeiras e toma de corrente eléctrica para oficiais. Debe estar situado preto da zona de meta. Pode ser unha carpa pechada.
- Taboleiro de anuncios para publicar as clasificacións, etc.
- Podio ou semellante para entrega de trofeos.
- Vestiarios e duchas preto da competición, así coma unha zona habilitada para roupeiro preto da saída de cara a que os deportistas poidan deixar as súas bolsas xa que non poden ir á AT con elas. Se houberse dúas transicións deberá organizarse para trasladar as mesmas da zona de saída á meta e/ou informar claramente do protocolo a seguir.
- Medios de elaboración, mecanización e impresión, para publicar os resultados provisionais na zona de pos- meta.
- Taller de reparación de bicicletas para reparar avarías de última hora. (aconsellable para MD y LD)
- Vehículos de apertura e peche de Carreira cos distintivos necesarios seguindo as normas de tráfico e os necesarios para o control.
- Embarcacións. Zodiac e piraguas para as zonas de natación.
- Bicicletas de apertura e peche de Carreira no segmento de Carreira a pé.
- En carreiras de Media e Longa Distancia medios para recollida e traslado de retirados.

O Delegado Técnico establecerá os vehículos necesarios para oficiais de control dos sectores, en función das pautas regulamentarias e necesidades segundo a participación e o tipo de proba.

No caso de que outros vehículos (publicitarios, de prensa, etc.) vaian estar presentes na competición o Delegado Técnico autorizará baixo avaliación da seguridade do circuíto o número e indicará a situación no desenvolvemento da mesmo.

10. MEDIOS HUMANOS

- **Responsable de cada zona:** cando menos Dirección de carreira, sectores principais e AT.
Este responsable será quen se encargará da sinalización, montaxe e coordinación da área co oficial responsable.
- **locutor** ou *speaker* que explique ao público o desenvolvemento e detalles da competición e se é posible anime a mesma.
- **voluntarios** suficientes para cubrir os postos de sinalización e control de circuítos, pasos de público, avituallamentos, entrega de dorsais, apertura e peche de Carreira, contavoltas, etc. Os voluntarios deben ir identificados dalgún xeito, especialmente os que estean no ciclismo que deberán cumprir co establecido no Regulamento de circulación.

11. PUBLICIDADE E PROMOCIÓN

Elaborarase un regulamento básico da proba coa información de horarios, circuítos, información xeral de modalidade, distancias e regras específicas e procedemento, prazos e cotas das inscricións. Aconséllase envialo á FEGATRI un mes antes pero deberá estar na Federación a máis tardar 15 días antes da apertura de inscricións.

Na publicidade, carteis, debe aparecer o logotipo da Federación Galega de Triatlón (como coorganizadora de todos os eventos) e por convenio da mesma ao carón o da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia (como colaboradora), figurando tamén nos regulamentos.

12. INSCRICIÓN

- As **inscricións nas probas** deberá, por norma xeral, facerse **a través da páxina web da Federación**, (autorizarase ás probas de MD y LD que abonan un canon diferente facelo en plataformas propias coordinando a entrega de datos, prazos e formatos coa federación) así coma as administracións públicas que por necesidades da súa lexislación local así o precisen. **A inscrición definitiva publicaranse sempre en www.fegatri.org**
- O **prazo de inscrición pecharase a máis tardar o martes anterior** á celebración da proba. A Federación nesa data terá todos os datos definitivos dos inscritos. No caso de invitacións reservadas ao organizador ou listaxes de espera estas pecharanse coa FEGATRI a máis tardar o mércores ás 14:00 h.
- O importe da **cota de inscrición** determinarao libremente o organizador, salvo en probas establecidas especificamente nos seus regulamentos(ex. 0-30€ probas de circuíto), quen recibirá transferencia polo importe total da inscrición ao presentar a factura correspondente, salvo en MD e LD onde o faga en plataformas privadas.

-

- **En ningún caso se permitirán inscricións fóra de prazo.** O organizador poderá reservar un número de prazas no regulamento da proba, debendo comunicalas a co peche de inscrición, a máis tardar o mércores ás 14:00 h deberá estar pechada a lista..

13. ENTREGA DE DORSAIS

O organizador establecerá un sistema para a entrega de dorsais nun lugar próximo á zona de competición e informará dos regulamentos do mesmo. Recoméndase ter listados de dorsais en lugar visible previo á zona onde se fará a entrega.

Deberá entregarse a cada participante ao menos:

- **dorsal para o corpo** de material resistente e impermeables para a súa fixación. Deberase dispor de goma para os participantes que non teñan porta dorsal. En Dúatlon e/ou Dúatlon cros (onde non haxa cronometraxe electrónica) deberán entregarse 2 dorsais.
- **dorsal para a bicicleta** cun sistema de suxeición (bridas ou adhesivo). En Dúatlon e Tríatlon Cros deberá ser unha placa ríxida para poñer na fronte do guiador. En probas de estrada poderá ser un adhesivo ou placa para o sillín, lexible en posición horizontal dende o lateral.
- **dorsal para o casco.**
- **gorro de natación** numerado, nas probas que haxa natación.

14. AVITUALLAMENTOS

O organizador é o responsable de prover material para avituallamento líquido aos participantes e os medios materiais e persoais para a súa distribución.

Recoméndase que exista avituallamento líquido durante a competición cando a duración desta se prevea superior a unha hora. Como mínimo un en carreira a pé ao saír da AT, nas carreiras de 5 Km. e superior e en ciclismo a partir de estándar. No resto de casos será necesario avituallamento líquido e sólido ao finalizar a proba. En todo caso por seguridade segundo as condicións climatolóxicas o/a Delegado Técnico esixirá un número maior de avituallamentos líquidos en Carreira.

A zona de **avituallamento durante a competición** debe estar situada nun lugar seguro, onde non obstaculice o desenvolvemento da competición e provista de voluntarios.

A zona de **avituallamento ao remate da competición** estará situada nunha zona de recuperación pechada para os atletas (Post Meta), próxima á liña de meta, que non obstaculice o desenvolvemento da competición.

15. OFICIAIS E RECLAMACIÓNS

As probas avaladas pola FEGATRI serán arbitradas polo Colexio de Xuíces e Oficiais da Federación Galega, quen designará:

- **DELEGADO/A TÉCNICO/A (DT)**
- **XUÍZ/A ÁRBITRO/A (XA)**
- **OFICIAIS**

Nas competicións avaladas pola Federación, o **Delegado Técnico**, designado polo Colexio Galego de Xuíces e Oficiais, realizará como mínimo unha visita á competición, inspeccionará os circuitos co organizador e traballará de xeito coordinado con el no deseño e planificación do desenvolvemento da competicións, sectores, cronograma... Así mesmo o Delegado Técnico estimará os oficiais necesarios para o control da proba, segundo as condicións de desenvolvemento, cronometraxe, distancias, modalidades, participantes e circuitos.

O/A **XUIZ ÁRBITRO** distribuirá as funcións dos oficiais baixo as pautas do Delegado Técnico e realizará as funcións administrativas necesarias durante o desenvolvemento da proba, recibirá e xestionará as reclamacións e apelacións da proba e validará as clasificacións finais.

Os **OFICIAIS** que arbitran a proba estarán as ordes do DT e XA, ao menos unha hora e media antes do comezo. Colaborarán co organizador, apoiando no desenvolvemento e montaxe pero sen **suplir as funcións da súa competencia**. O Colexio de Xuíces determinará o número mínimo de Oficiais que arbitrarán a proba polas súas características, previa consulta co/a DT.

O organizador pode solicitar un orzamento á Federación para coñecer o orzamento de custes do Colexio de Oficiais.

16. ENTREGA DE PREMIOS *(VER ANEXO PROTOCOLO PREMIOS)*

O organizador disporá o lugar e forma do acto protocolario de entrega de trofeos, tendo en conta que este acto é un dos que maior difusión ten nos medios de comunicación, polo tanto na medida en que será a imaxe da competición e por engadido da difusión do triatlón, recoméndase ao respecto elaborar un breve protocolo para a entrega contando co seguinte:

- locutor experimentado que teña con antelación a información do protocolo que se seguirá na entrega. Nomes e cargo das autoridades presentes, patrocinadores, listaxes e clasificacións da proba.
- podio con tres alturas, numerado, seguro e axeitado ao lugar do desenvolvemento (segundo protocolo olímpico)
- traseira do podio/lona/pancarta ou semellante cos logotipos de organizador, patrocinadores, Federación/Secretaría Xeral para o deporte, etc.
- mesa para os trofeos.
- Valados para peche e seguimento

Orde de entrega recomendada

- Trofeos á clasificación absoluta
- Foto do podio masculino e feminino conxunto.
- Trofeos ás categorías
- Trofeos aos clubs

17. CAMPIONATOS GALEGOS

Os organizadores de probas poderán solicitar que na súa proba se dispute o Campionato Galego das modalidades recoñecidas polo Regulamento Oficial de Competición ou Regulamento de Competición FEGATRI. Este será outorgado pola Asemblea Xeral de acordo aos seus estatutos.

A Federación proverá as medallas dos Campionatos autonómicos seguindo o establecido no seu regulamento e o organizador os trofeos da proba recollidos no regulamento específico da mesma. Ao Título e Trofeo de Campionato Galego só optarán os deportistas con licenza galega de tempada en vigor pola FEGATRI.